

AUGA POTÁBEL PARA LUGO XA



Xa no número anterior escribiamos sobre a contaminación do Miño ao seu paso por Lugo e dos problemas que ela orixina a toda a poboación ao ser a auga do Miño a que se utiliza para o suministro de auga potábel á cidade de Lugo. Coa caída de caudal que se produce nos meses de verán diminúe enormemente a capacidade de dilución e de autodepuración do río, facendo a situación moito máis grave, até o punto de a mesma Delegación de Sanidade ter que restrinxir as zonas de baño. En canto á auga potabilizada, as declaracións oficiais son, por costume, contraditorias e pouco craras, o que, engadido ao mal sabor e cheiro da auga do grifo, fai que a desconfianza medre entre os consumidores e que cada día sexan máis os que se recurren ás fontes tradicionais para abastecerse de auga potábel.

O traballo de denuncia constante que a Plataforma pola Defensa do Miño ven facendo dende fai dous anos ten provocado que o conxunto das forzas políticas municipais asuma, por fin, a necesidade de reme-

diar esta situación e, nun Pleno extraordinario convocado pola oposición municipal, -BNG, CNG, EU e PSOE-, o Grupo Popular acabou por asumir nove das dez resolucións presentadas pola oposición, oito delas referidas ao saneamento do Miño.

Aínda dando por certo e seguro o dubidoso compromiso do Grupo Popular coas resolucións aprobadas, resulta contraditorio que se rexeitase a resolución que facía referencia á especulación urbanizadora que, — dende a instalación de CONTINENTE no lugar dunha centenaria carballeira nas beiras do Miño—, amiaza con converter ao río nun caudal de auga canalizado.

Para nós, as beiras dun río son parte inseparable e esencial para a saúde e vitalidade do mesmo. Pero, ademais, as beiras do Miño son tamén paisaxe, cultura, historia e lugar idóneo para dotar a Lugo dunha ampla Zona Verde e Recreativa. É por isto que, o mesmo que onte nos opuxemos á instalación de CONTINENTE, nos opoñemos hoxe á instalación definitiva do Recinto Feiral nas beiras do

Miño. O Concello dispón hoxe de moitos outros terrenos igualmente idóneos para a ubicación da Feira e, polo tanto, non deberamos permitir que a urbanización do Recinto Feiral e a súa actividade comercial veñan a consolidar definitivamente nas beiras do Miño a salvaxe aberración de CONTINENTE.

Defenderse da especulación non é, dende logo, traballo fácil. Só neste verán tén provocado máis dunha dúzina de denuncias e unha agresión brutal dun axente municipal contra un compañeiro. Mais non, por iso, imos renunciar. Seguimos e seguiremos no traballo de concienciar á toda a cidadanía de Lugo para que sexa ela quen exixa dos responsábeis municipais outra sensibilidade cara o entorno do Miño. Con este fin está convocada unha manifestación para o próximo día 13 de Novembro. Agar damos que ela sirva para avanzar na conciencia e no compromiso cos problemas do Miño. ■

Plataforma pola Defensa do Miño
Xermán Alonso, 6-2º
27004 LUGO